

XORNADA DE CONVIVENCIA

RIANXO - XINZO DE LIMIA

Instrucións para a xornada

- Ante todo temos que ser conscientes que, como **anfitrións**, a nosa misión é facer que a **visita** aos de Xinzo lles resulte **agradable e proveitosa**.
- Os **grupos** estableceranse pola mañá e **manteranse ao longo do día**.
- **En cada equipo unha persoa será a responsable de recoller o son (só o son) cun móbil das exposicións orais das diferentes localizacións**. Rexistraredes en primeiro lugar o destino e a continuación o nome da persoa que fala (Exemplo: Dunas, Xulio Figueira). Unha vez rematada a xornada esa persoa abrirá un cartafol co curso e número do seu grupo seguido da palabra AUDIOS, meterá nel todos os arquivos de audio da xornada e compartirao con pilarponte@gmail.com.
- **En cada equipo unha persoa será a responsable de facer a reportaxe gráfica da actividade (fotografía e vídeo)**. A mesma persoa será a encargada de facer a reportaxe das actividades no centro. Unha vez rematada a xornada esa persoa abrirá un cartafol co curso e número do seu grupo seguido da palabra REPORTAXE, meterá nel todos os arquivos de vídeo e fotografía da xornada e compartirao con pilarponte@gmail.com.
- Na penúltima páxina deste dossier tedes un **cuestionario lingüístico** que deberedes cubrir ao longo do día.
- Na última páxina do dossier recolleredes as **notas da xornada**, aquilo que vós destacariades de todo o vivido.
- **Unha persoa do grupo diferente** á de audio e á do vídeo e fotografía será a encargada de entregar o documento ao final da xornada.

MOI IMPORTANTE!

Todo o alumnado do encontro é menor de idade, non podeades compartir nin fotografías nin vídeos en redes sociais que non sexan as dos propios centros

A PEDRA DA RA

O mirador

Dende este mirador podemos contemplar na súa totalidade o complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, un parque natural galego que ampara o sistema dunar, as marismas e as lagoas do vértice occidental da península do Barbanza. Tamén vemos a praia do Vilar, unha praia enorme que pertence ao concello de Ribeira, igual que Aguiño, que se ve alí ao lonxe.

Atópase a 190 m sobre o nivel do mar, pero... Por que recibe este nome? Porque vista desde o lado oeste ten forma parecida á dunha ra coa boca aberta.

Trátase dun espazo natural declarado zona de especial conservación, de especial protección para as aves, unha zona húmida protexida galega e unha zona húmida de importancia internacional. Non se sabe con certeza, pero creese que é un monumento natural de carácter sagrado.

Inclúe tamén o arquipélago de Sálvora e o seu mar así como parte do litoral que se atopa á nosa dereita incluíndo Porto do Son e o castro de Baroña, un asentamento da Idade do Ferro construído nunha península adentrada no mar.

Dende aquí podemos observar á esquerda a ría de Arousa e á dereita a ría de Muros-Noia.

As heroínas de Sálvora

A noite do 2 de xaneiro de 1921, o temporal fixo que o buque correo Santa Isabel tivese que resgardarse na ría, mais a forza das ondas empurrouno contra as rochas e naufragou. Naquel momento, debido ás festas do Nadal só había vinte e cinco persoas na illa incluíndo os nenos. Nesa noite tres embarcacións botaron ao mar, unha para avisar do naufraxio en Ribeira, noutra tres mariñeiros e na terceira, unha dorna, Cipriana Oujo Maneiro (25 anos), Josefa Parada (16 anos) e María Fernández Oujo (14 anos). Esta muller e as dúas adolescentes botaron a noite buscando náufragos e calcúlase que salvaron entre 20 e 50 persoas poñendo en risco a súa vida, aínda así, nesa noite perderon a vida nestas augas dúascentas trece persoas.

DUNAS DE CORRUBEDO

O parque natural das Dunas de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán é un espazo singular conformado por un conxunto de dunas móbiles e dúas lagoas. Formado no Cuaternario, hai uns 15.000 anos froito da evolución xeolóxica e dos efectos sobre todo da erosión e a sedimentación, sitúase case ao límite entre as rías e de Arousa e Muros e Noia nun territorio que se coñece como península do Barbanza.

As dunas teñen un enorme valor natural e paisaxístico. Máis aló de ser un gran reclamo turístico trátase dun hábitat de diferentes especies nas que sobresaen as aves como o aguiacho lagoeiro, o alavanco real, o cullereiro, a galiñola ou o mergullón. Hai tamén outras especies como anfibios (ras, lagartos etc.) ou mamíferos como a lontra que habitan entre unha vexetación de marisma na que destacan xunqueiras e carrizais. Está catalogado como zona de especial conservación e Zona Ramsar (humidal de especial importancia internacional).

A extracción de area para a construción e a sobreexplotación turística puxeron en risco este espazo durante décadas o que fixo que na actualidade non se poida acceder por exemplo á gran duna móbil que ten unha lonxitude aproximada de un quilómetro.

Lagoas de Carregal e Vixán

As lagoas de Carregal e Vixán teñen a particularidade de presentar diferente composición.

A de Vixán é unha lagoa de auga doce formada por augas torrenciais estacionais que baixan polo regato Muíño. Nela hai anátidos e aves que veñen aniñar ou están de paso invernal.

A de Carregal é unha lagoa de auga salgada que contacta directamente co mar do oceano Atlántico.

PERCORRIDO RIANXEIRO

Este mapa lo ha creado un usuario. Consulta cómo crear uno. X

Uticina de correos

Rianxo na pel
Polos Creativos IES Félix Muriel

Mapa de Xincana na vila de Rianxo.
Alumnado IES Félix Muriel, 2º ESO, 2023-2024.
19 vistas
Publicado hace 1 día
COMPARTIR

- Paseo esculturas
 - A Rianxeira, escultura. (Rianxo)
- Casa de Castelao
 - Casa de Rodríguez Casalao
- Casa do poeta Manuel Antonio
 - Museo Manuel Antonio
- Santa Comba (Columba) de Rianxo
 - Iglesia de Santa Columba de Rianxo
- Hórreo do pazo de Rianxiño
 - Pazo de Rianxiño
- IES Félix Muriel
 - IES Félix Muriel

Google My Maps

Datos de mapas ©2024, Imágenes ©2024, Alibus, Maxar Technologies Terminos 50 m

PASEO E ESCULTURAS

O paso marítimo

Ola a todas e a todos, atopámonos no paseo marítimo de Rianxo e imos ver algunhas das esculturas que se atopan polo camiño. O paseo comeza en Sete Fogas, e remata na Praia da Torre. Durante o camiño imos ver distintos monolitos adicados a distintos escritores que son: Castelao, Rafael Dieste, Manuel Antonio e Jose María Brea Segade. Cada un leva impresa unha frase e un debuxo nunha placa de cerámica. Nos traballos aparece reflexado o máis importante de cada autor. Por exemplo de Castelao hai un texto de *Sempre en Galiza* e no de Manuel Antonio un fragmento dun poema *De catro a catro*.

Ademais atópanse catro paneis, nun deles informase ao público sobre o traballo dos estaleiros, outro está adicado á flora e á fauna. O terceiro trata sobre a riqueza da ría e o último ofrece información sobre os lugares que se poden observar e apreciar.

Máis alá do paseo marítimo podemos continuar camiñando por unha paraxe máis natural na senda litoral de Taragoña ao largo de catro quilómetros máis ata A Burata.

Neste paseo ides ter a oportunidade de achegarvos aos nosos costumes e a catro grandes figuras da literatura galega, tres de Rianxo (Castelao, Dieste e Manuel Antonio) e a outra é a gran Rosalía, nai das nosas letras.

Castelao

No noso paseo marítimo non podía faltar a homenaxe a Castelao, o seu veciño máis ilustre. Trátase dun busto do autor do escultor José Escudero Couceiro realizado en bronce. Trátase dun agasallo do Patronato da Cultura Galega de Montevideo en Uruguai á vila de Rianxo, isto é, un agasallo da xente da emigración.

Rosalía de Castro

Peza realizada en pedra por Camilo Rodríguez Vidal.

PASEO E ESCULTURAS

A Rianxeira

Obra de Manuel García de Bucifios en bronce e cristal, reproduce unha peixeira coa patela na cabeza en honor á protagonista da canción homónima que é considerada o segundo himno galego.

- Para podermos avanzar precisamos que como mínimo tres persoas canten unha estrofa da canción.

Manuel Antonio

Busto do escritor.

Rafael Dieste

Trátase dunha peza do artista Pérez Porto que recrea personaxes de catro dos contos do libro de Dieste titulado *Dos arquivos do trasno*, que foi a súa primeira obra publicada.

A Manuela

Escultura realizada polo artista de Padrón Camilo Rodríguez en homenaxe ás xestas heroicas desta embarcación que nos anos 40 do pasado século se dedicaba ao labor do xeito e tamén ás competicións de traiñeiras, nese momento chegar a ser durante cinco anos consecutivos a campiona da Ría, por iso os remos da escultura están en posición de vitoria.

CASAS DE ESCRITORES

Casa de Castelao

No número 42 da rúa de Abaixo atopamos a que fora vivenda familiar de Castelao.

Esta non foi a primeira casa na que viviu Daniel xa que inicialmente a súa familia non tiña casa de seu, vai ser despois cando volva seu pai de América convertido en indiano cando adquira esta casa.

Posteriormente, na época da ditadura franquista, cando Castelao tivo que permanecer no exilio, os seus familiares sufrían continuas aldraxes por parte dos veciños e permanecían por medo agochados dentro da casa.

Teresa Castelao, a súa irmá, viviu nela ata a súa morte.

Podemos dicir que é un exemplo da arquitectura vilega mariñeira con balcón e galería.

Agárdase que nun futuro se poida converter na sede da Fundación Castelao.

- Cal destes títulos pertence a Castelao: *Cousas*, *Sempre en Galiza*, *Os dous de sempre*, *Os vellos non deben de namorarse?* (resposta correcta: todos)

Casa Museo de Manuel Antonio

Na rúa de Abaixo temos a Casa Museo de Manuel Antonio.

En Rianxo existe un proxecto de musealización e posta en valor das casas de Manuel Antonio, Castelao e Rafael Dieste denominado “Academia Literaria de Rianxo”, esta casa museo de Manuel Antonio é a primeira das tres do proxecto que abre ao público.

Debido á cantidade de persoas que somos non imos poder acceder a ela para visitala por dentro pero debes saber que consta de tres andares, no inferior podemos ver a través de fotografías o Rianxo da época en que viviu o autor, os anos 20 e os outros dous andares xa están dedicados á súa vida e á súa obra onde se poden ver tamén obxectos persoais e a súa obra *De catro a catro* que marcou a renovación da poesía galega do seu momento neste libro conta unha travesía en barco dende que se zarpa ata que se volta á terra.

IGREXA DE SANTA COMBA

Santa Comba (ou Santa Columba) é unha das construcións relixiosas máis significativas da vila de Rianxo.

Está situada na praza de Rafael Dieste, un dos moitos escritores ilustres da vila.

Trátase dun edificio gótico de finais da Idade Media e comezos da Idade Moderna, pois foi construído no século XV. Ten forma rectangular e divídese en catro tramos definidos, que están separados por arcos.

Esta construción alberga dúas capelas. A capela maior da igrexa está cuberta por unha bóveda de crucería.

A torre do campanario ademáis de facer a súa función ofrece un bo elemento estético.

A igrexa é un destino esencial para poder entender a historia e cultura de Rianxo e de Galicia. Ten moitos elementos que resaltan a fachada, cada un dos distintos debuxos ou esculturas mostran as distintas partes dunha antiga vida cotiá medieval.

- Podería alguén sinalar algún elemento gótico neste edificio? (resposta correcta: pequeno rosetón e decoración da portada con pináculos adosados)

HÓRREO

O pazo dos Viturros, tamén chamado o pazo de Rianxiño é unha construción do século XVIII (dezaioito) de estilo barroco que pertenceu a familia Posse e posteriormente á familia Viturro, de aí o seu nome. No terreo do pazo podemos atopar un hórreo de principios do século XX (vinte).

Os hórreos ou graneiras son arquitecturas civís adicadas ao almacenamento e cura ou secado dos cereais. Pero neles reflectíase tamén o poder dos propietarios. En Rianxo, temos dous dos máis grandes hórreos de Galicia, o do Araño e este do pazo de Rianxiño que ten a peculiaridade de estar cuberto por unha cuberta de pedra en lugar doutros materiais máis habituais como a tella.

- Cal sería o cereal que máis se almacenaba neste hórreo? (resposta correcta: millo)

CUESTIONARIO LINGÜÍSTICO

Número do grupo:

Persoas integrantes:

1. Credes que o galego de Xinzo e de Rianxo se parecen. Si / Non
2. Indicade cinco palabras que se diferencien entre o galego de Xinzo e o de Rianxo.
3. Indicade tres expresións que sexan diferentes ou que sendo iguais se utilicen de diferente maneira.
4. Indicade tres diferenzas entre as dúas variantes de galego que non sexan de carácter léxico (verbos, pronomes etc.).
 - 4.1.
 - 4.2.
 - 4.3.
5. Indicade cinco curiosidades que vos comentasen sobre a súa zona ou o seu instituto.
6. Credes que se fala máis galego en Rianxo ou en Xinzo de Limia? Xustificade a resposta.

NOTAS DA XORNADA
